

R1 DE-01

Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Período de validez do Programa: 2025-2026

Aprobado en Xunta de Escola: 27/03/2025

Vigo, a 27 de marzo de 2025

Guillermo García Lomba
Coordinador de Calidade

Índice

1	Presentación	1
2	Participantes	1
3	Antecedentes	3
4	Contexto xeral	4
4.1	A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Proxectos formativos.	4
4.2	Sistema de Garantía de Calidade	4
5	Diagnose da situación do centro e das titulacións	6
6	Misión, Visión e Liñas estratéxicas	8
6.1	Misión	8
6.2	Visión	8
6.3	Liñas estratéxicas do centro	8
7	Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa	11
8	Anexo. Política e Obxectivos de Calidade do Centro	13

1 Presentación

O equipo directivo da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía manifesta o seu compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro e, particularmente, das titulacións impartidas no mesmo, así coma a importancia da posta en marcha dunha estratexia abordada de forma participativa e colaborativa tendo en conta a contorna do centro e os principais retos futuros no escenario tecnolóxico, social, ambiental e económico actual.

O Programa de Desenvolvemento Estratéxico (en adiante PDE) da Escola estrutúrase, de xeito análogo ao Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026), arredor de cinco eixes estratéxicos: (i) formación impartida, (ii) relación da universidade coa sociedade, (iii) investigación e transferencia, (iv) organización dos recursos propios e (v) recursos humanos.

2 Participantes

Con relación ao proceso de elaboración do PDE, seguíronse as pautas establecidas no rexistro do SGIC do centro “*DE-01 Programación e Desenvolvemento Estratéxico*”. Dada a importancia da posta en marcha dunha estratexia abordada de forma participativa e colaborativa tendo en conta a participación de todos os colectivos de interese, a Xunta de Escola nomeou unha Comisión de Elaboración do PDE cuxa composición se presenta na seguinte táboa, e que inclúe representación de todos os colectivos de interese: estudantado, profesorado, PAS, persoas egresadas, empregadores e representantes da sociedade.

Comisión de Elaboración do Programa Desenvolvemento Estratéxico da EME	
Representación	Titular
Director/a do centro (<i>Presidente/a</i>)	Elena Alonso Prieto
Coordinador/a de calidade (<i>Secretario/a</i>)	Guillermo García Lomba
Coordinador/a de GERME	Iria Feijóo Vázquez
Coordinador/a de GEE	Francisco J. Deive Herva
Coordinador/a do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga	María Araújo Fernández
Coordinador/a do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (en representación)	Ana Rodríguez Rodríguez
Subdirector/a de Difusión e Captación	Raquel Pérez Orozco
Enlace Igualdade da Escola	Generosa Fernández Manín
Coordinador/a do PAT/PIUNE da Escola	Ángeles Domínguez Santiago
Representante do profesorado	Marta Cabeza Simó
Representante do profesorado (suplente)	Iciar Goicoechea Castaño
Representante dos departamentos con docencia no centro	Pablo Eguía Oller
Representante do estudantado do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Javier Dopico Alfonsín
Representante do estudantado do Grao en Enxeñaría da Enerxía	Carmen Alonso Pérez
Representante do estudantado do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Óscar Pereiro López
Representante de persoas egresadas	Pablo Álvarez Pena
Representante de persoas egresadas (suplente)	Luisa Álvarez Zaragoza
Representante do PAS	M ^a Carmen Romo Pérez
Representante da Sociedade	Diego López González
Representante da Sociedade	Juan José López Muñoz

A participación na elaboración do PDE do centro dos diferentes colectivos de interese completouse coa recollida e análise de información que ten a Universidade nos canles habituais (enquisas de satisfacción das titulacións de todos os colectivos de interese e enquisas de avaliación docente) e tamén coa realización dunha enquisa propia especificamente deseñada para a elaboración do PDE e que foi trasladada a estudantado do centro, profesorado, empregadores e persoas egresadas. Indícase a continuación a estrutura e planificación de traballo na elaboración, implantación e revisión do PDE do centro (PDEC).




Figura 1. Esquema da estrutura e planificación do traballo na elaboración do PDE da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

3 Antecedentes

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía estableceu o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade (en adiante SGIC) co obxecto de favorecer a mellora continua das titulacións impartidas e garantir un nivel de calidade que facilite a acreditación e o mantemento das mesmas. O centro participou nas dúas fases do Programa FIDES-AUDIT da ACSUG cuxo obxectivo é guiar aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía de calidade dos ensinos. Os fitos máis relevantes do SGIC do centro son os seguintes:

-Certificación do Deseño do SGIC. A Escola participou na primeira convocatoria 2007/2008 do FASE DE CERTIFICACION DO DESEÑO DOS SGIC do Programa FIDES-AUDIT da ACSUG. A proposta presentada polo centro recibiu informe favorable por parte da axencia con data de 27/07/2009.

-Certificación da Implantación do SGIC: A Escola participou na primeira convocatoria 2013/2014 da FASE DE IMPLANTACION DO SGIC do Programa FIDES-AUDIT da ACSUG para avaliar a implantación do SGIC. Tras a visita dun equipo auditor externo recibíuse a certificación por parte da axencia o 07/10/2014, facendo constar que o SGIC da Escola fora implantado de acordo ás directrices establecidas polo programa FIDES-AUDIT. A validez do mesmo foi ata a mesma data do ano 2020, revisándose en 2017.

-Re-Certificación da Implantación do SGIC: o 21 de setembro de 2020 achegouse á ACSUG a solicitude de renovación da certificación da implantación do SGC. O 23 de febreiro de 2021 celebrouse a visita virtual da comisión externa; con data 9 de xuño de 2021 recibíuse o informe favorable, facendo constar as principais motivacións que evidencian a correcta implantación do SGC do centro e varias suxestións de mellora e a certificación por parte da axencia. A validez desta é ata a mesma data do ano 2026.

A adecuación ás novas normativas e á realidade das titulacións no contexto actual, xunto ás esixencias e recomendacións dos programas de seguimento de títulos e de acreditación, fixeron que o propio sistema fose evolucionando tendendo á simplificación e a unha mellor adecuación derivada da implantación dos procedementos inicialmente deseñados.

O SGIC inicial, aprobado en 2008, estaba formado polo Manual de Calidade e un conxunto de 26 procedementos. En xullo de 2013 aprobouse no centro o primeiro bloque de novos procedementos que substituíron aos iniciais tanto da área de procesos docentes como da área de procesos de xestión. En febreiro de 2015 aprobouse un segundo bloque de novos procedementos da área de procesos de planificación estratéxica e en outubro do mesmo ano aprobouse o novo Manual de Calidade. En abril de 2016 aprobouse un terceiro bloque de novos procedementos clave correspondentes á xestión académica e dos programas formativos. En outubro de 2017 terminouse a revisión e actualización dos procedementos ligados aos procesos de xestión do persoal. Consecuencia desta revisión, se actualizou o procedemento de planificación e desenvolvemento do ensino e eliminouse o procedemento de política de PDI e PAS, por estar os seus contidos tratados nos anteriormente mencionados. Ao longo do ano 2019 abordouse a revisión e simplificación dos procesos ligados á xestión de servizos; o novo procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos, que substitúe aos dous procedementos existentes, foi aprobado no mes de decembro. No ano 2020 acometeuse a revisión e actualización dos procedementos relativos á información pública e rendemento de contas e á medición da satisfacción; ámbolos dous aprobáronse no centro no mes de novembro.

A revisión do procedemento de orientación ao estudantado, co obxectivo da incorporación dun módulo relativo á atención das necesidades específicas de apoio educativo do estudantado aprobouse no centro o 25 de maio. No ano 2021 acometeuse a revisión do procedemento **DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico**, que pasa a integrar a política e obxectivos de calidade, e o deseño dun novo *Manual de Calidade* estruturado en dúas partes: unha institucional e outra de centro. Este proceso se remata a principios do ano 2022, sendo aprobados o 16 de marzo tanto o novo procedemento DE01 como o Manual de Calidade do centro; a aprobación do Manual de Calidade institucional adíase ata o 29 de decembro de 2022.

4 Contexto xeral

4.1 A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Proxectos formativos.

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/>) imparte a formación de nivel de grao, máster universitario e doutoramento nos ámbitos de enxeñaría de minas, materiais e enerxía na Comunidade Autónoma de Galicia. A oferta formativa do centro concrétese actualmente en:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, titulación que habilita para o exercicio da profesión regulada de Enxeñeiro/a Técnico/ de Minas e declarada singular na Comunidade Autónoma.
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, titulación que habilita para o exercicio da profesión Enxeñeiro/a de Minas.
- Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga pola Universidade de A Coruña (coordinadora), a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

A formación do centro complétase coa oferta de programas de doutoramento nos tres ámbitos de coñecemento vinculados á enxeñaría de minas: (i) explotación de minas, (ii) enxeñaría de materiais e (iii) recursos enerxéticos.

O Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (código RUCT 2502243) foi autorizado para a súa implantación pola Comunidade Autónoma de Galicia en setembro de 2010. A devandita titulación habilita para o exercicio da profesión regulada de Enxeñeiro/a Técnico/a de Minas. A implantación da titulación comezou no curso 2010-2011 e tras a impartición de 6 cursos académicos someteuse ao procedemento de renovación da acreditación. No proceso de renovación da acreditación recibiu informe favorable por parte de ACSUG (24/05/2016) e informe favorable do Consello de Universidades (20/07/2016). En base ao establecido na *RESOLUCIÓN de 2 de novembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se declara a singularidade de graos no Sistema universitario de Galicia*, recoñécese o carácter singular no SUG do título de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos pola Universidade de Vigo.

O Grao en Enxeñaría da Enerxía (código RUCT 2502242) foi autorizado para a súa implantación pola Comunidade Autónoma de Galicia en setembro de 2010. Tras a impartición de 6 cursos académicos, someteuse ao procedemento de renovación da acreditación, en aplicación do disposto na normativa de ámbito estatal. No proceso de renovación da acreditación recibíuse informe favorable por parte de ACSUG (24/05/2016) e informe favorable do Consello de Universidades (20/07/2016).

Tras a experiencia acumulada de case 10 anos de impartición de ambos os graos, procedeuse á modificación de ambas as titulacións, ao obxecto de mellorar e actualizar ambos os proxectos formativos e adecualos ao contexto tecnolóxico, ambiental e social nos sectores da enxeñaría de minas, materiais e enerxía. As propostas de modificación recibiron informe favorable por parte de ACSUG (20 de maio de 2020). A impartición dos graos modificados comezou no curso 2020/2021, completándose a implantación no curso 2023/2024.

En canto ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (código RUCT 4314879) impártese desde o curso 2014/2015. Ao obxecto de expor unha formación coherente entre nivel de grao e máster, modificouse a titulación de máster e implantouse unha vez rematada a implantación das titulacións de grao de acceso directo. A titulación de máster modificada implantouse no curso 2024/2025, implantándose segundo curso da titulación modificada no curso 2025/2026.

O Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (código RUCT 4318459) implantouse no curso 2023/2024.

4.2 Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade do Centro (<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade>) está plenamente implantado e constitúe unha ferramenta imprescindible de xestión da calidade dos

proxectos formativos do centro. Os fitos máis relevantes do SGIC do centro recóllense no apartado Antecedentes.

Cabe sinalar, ademais, que ten concedida a Acreditación Institucional con data 29 de xaneiro de 2019.

Todas as titulacións que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía intégranse non SGIC do centro e participan, polo tanto, nos programas de Verificación, Modificación, Acreditación e Seguimento como en diversos programas de avaliación institucional promovidos tanto pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) como pola Universidade de Vigo. Os resultados das titulacións do centro nos diferentes programas recóllense nas seguintes táboas.

GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA									
	Verificación	Seguimento				Modificación	Acreditación	Seguimento	Modificación
AXENCIA	ANECA	ACSUG	UVIGO	ACSUG	UVIGO	ACSUG	ACSUG	UVIGO	ACSUG
AVALIACIÓN	FAVORABLE	NON CONFORME	CONFORME	CONFORME	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	CONFORME	FAVORABLE
DATA	30/06/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	11/06/2014	24/05/2016	11/09/2017	02/05/2020

GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS									
	Verificación	Seguimento				Modificación	Acreditación	Seguimento	Modificación
AXENCIA	ANECA	ACSUG	UVIGO	ACSUG	UVIGO	ACSUG	ACSUG	UVIGO	ACSUG
AVALIACIÓN	FAVORABLE	NON CONFORME	CONFORME	CONFORME	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	CONFORME	FAVORABLE
DATA	30/06/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	11/06/2014	24/05/2016	11/09/2017	02/05/2020

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA DE MINAS					
	Verificación	Seguimento	Acreditación	Modificación	Selo EURACE
AXENCIA	ACSUG	ACSUG	ACSUG	ACSUG	ANECA
RESULTADO	FAVORABLE	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	FAVORABLE (B)
DATA	11/06/2014	28/11/2017	03/09/2018	05/06/2024	24/03/2023

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA (UDC, USC, UVIGO)	
	Verificación
AXENCIA	ACSUG
RESULTADO	FAVORABLE
DATA	30/05/2023

5 Diagnose da situación do centro e das titulacións

Dimensión interna	
Debilidades	Fortalezas
- Escaso recoñecemento dalgunhas actividades que realiza o PDI da titulación (actividades de divulgación científica, participación en STEMBach e INSPIRA STEAM) - Limitada participación do estudantado en actividades formativas extracurriculares ofertadas polo centro - Mellorable captación de estudantado, até chegar ao 100% de forma estable - Descoñecemento da oferta formativa do centro e as súas posibilidades no ámbito de Galicia, tanto en relación a captación de alumnado como empregabilidade. - Aproveitamento limitado da relación con empresas e entidades para incorporar a súa contribución ao proxecto formativo (resolución de casos reais, realización de TFG/TFM en colaboración con empresas) - Dificultades de adaptación ás profesións reguladas no ámbito da enxeñaría de enerxía - Limitada relación do centro con centros de FP de Galicia, o cal podería repercutir en captación de alumnado procedente deste colectivo. - Limitadas actividades formativas de carácter práctico (instrumental e de laboratorio) - Limitadas iniciativas de emprego de metodoloxías de innovación docente. - Mellorable formación en competencias de carácter transversal: comunicación, liderado, intelixencia emocional, xestión recursos humanos. - Mellorable visibilidade da actividade investigadora do profesorado do centro.	- Moi boa disposición do PAS e PDI para participar nas actividades do centro e para responder as iniciativas expostas desde a dirección do centro - Instalacións do centro en boas condicións - Gran experiencia do PDI do centro en actividades de divulgación científica e tecnolóxica. - Relación estable e colaboración cun importante número de centros de ESO e Bacharelato de Galicia - Profesorado que participa en grupos de investigación moi solventes, con gran experiencia en actividades de investigación, transferencia e innovación - Profesorado solvente e axeitado para as necesidades actuais e con capacidade de adaptación a posibles cambios dos plans de estudos. Profesorado comprometido co desenvolvemento da titulación. - Plans de estudos actualizados - Tamaño do centro moi axeitado para favorecer a relación persoal entre estudantado e profesorado, o traballo en grupos pequenos e titorización personalizada. - Sistema de Garantía de Calidade sólido, empregado como ferramenta de mellora continua - Persoal de Administración e Servizos que responde con solvencia e eficiencia ás necesidades de xestión académica e económica. - Un dos títulos do centro está recollido no catálogo de titulacións G2030 da Xunta de Galicia - Bo sistema de comunicación e información entre estudantado-profesorado e responsables académicos - Relación continuada e actualizada co colectivo de persoas egresadas.

Dimensión externa	
Ameazas	Oportunidades
- Competencia con outras titulacións dos mesmos ámbitos de coñecemento, con modalidades de ensino semi-presencial ou non presencial. - Incidencia negativa na captación de alumnado polo descenso demográfico - Necesidade de actualizar os proxectos formativos en función das necesidades dos sectores da enxeñaría, fortemente dinámicos	- Titulacións únicas no SUG, tanto nivel de grao como de máster universitario. - Crecemento do sector de enxeñaría da enerxía, con incremento de oportunidades laborais. - Taxas de matrícula baixas e competitivas con relación a outras comunidades autónomas. - Auñar sinerxías e mellorar as relacións de colaboración coas universidades do SUG - Moi boa disposición de entidades externas (colexios profesionais, clústeres, asociacións empresariais) para colaborar no desenvolvemento dos proxectos formativos.

6 Misión, Visión e Liñas estratéxicas

6.1 Misión

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ten a responsabilidade de formar una masa crítica de profesionais cualificados e especializados que respondan ás necesidades dos sectores enerxético, de materiais e mineiro no ámbito da enxeñaría.

Así mesmo, a Escola aposta de xeito decidido pola investigación e desenvolvemento de calidade, así coma a transferencia de resultados, o cal permite contribuír á xeración de coñecemento e á mellora da súa contorna socioeconómica.

6.2 Visión

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo é un centro universitario público, aberto á súa contorna, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sustentabilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía pretende ser un centro caracterizado polo traballo conxunto, en equipo, da comunidade universitaria do centro na consecución dun obxectivo común, que é o desenvolvemento dos proxectos formativos do centro e proporcionar a mellor formación posible para o alumnado do centro.


6.3 Liñas estratéxicas do centro

- Liña 1. Manter unha oferta formativa axustada á demanda, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións do centro, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Liña 2. Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos, con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.
- Liña 3. Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados.
- Liña 4. Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e ás súas titulacións.
- Liña 5. Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- Liña 6. Responder ás necesidades do sector enerxético/materiais/minas/auga e alcanzar o recoñecemento da formación das persoas egresadas do centro.
- Liña 7. Responder á responsabilidade do centro en materia de formación de público non especializado.


Eixes estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
Formación Organización e recursos	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna	Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do SGIC como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e ás súas titulacións.	Mellorar a planificación e desenvolvemento das titulacións
Formación	Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado	Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.	Mellorar os resultados académicos das titulacións
Persoas	Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado	Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS
Persoas	Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado	Alcanzar o recoñecemento da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos, con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese
			Dispor de información representativa sobre a valoración da satisfacción de grupos de interese

Relación coa Sociedade	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna	Responder ás necesidades do sector enerxético/materiais/minas/auga e alcanzar o recoñecemento da formación das persoas egresadas do centro	Ser centro de referencia para as empresas do sector industrial galego, tanto desde o punto de vista da empregabilidade de enxeñeiros/as especialistas en enerxía/materiais/minas/auga como necesidades de I+D+i dos sectores
	Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas	Responder á responsabilidade do centro en materia de formación de público non especializado	Ser centro de referencia da provincia de Pontevedra en relación á divulgación científica en materia de enerxía/minería/materiais/auga
	Obxectivo 3. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna Obxectivo 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria	Manter unha oferta formativa axustada á demanda, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións do centro, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión	Captar un volume de estudantado axustado para cubrir as necesidades de demanda profesional Adaptar o perfil de ingreso do estudantado ao perfil requirido. Aumentar a porcentaxe de mulleres nas titulacións do centro
Investigación e transferencia	Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas		Potenciar, fomentar e visibilizar a investigación realizada polo PDI vinculado á escola Aumentar as actividades de divulgación científica e formativas que teñan como tema principal a actividade investigadora

7 Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa



II. Análise estratéxico e deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro



Anexo. Política e Obxectivos de Calidade do Centro

POLÍTICA DE CALIDADE

A política de calidade do centro deriva da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas das súas persoas egresadas e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran. Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e directrices establecidos. Así se establecen as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do Centro:

- Liña 1. Manter unha oferta formativa axustada á demanda, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións do centro, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Liña 2. Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos, con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.
- Liña 3. Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados.
- Liña 4. Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e ás súas titulacións.
- Liña 5. Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- Liña 6. Responder ás necesidades do sector enerxético / materiais / minas / auga e alcanzar o recoñecemento da formación das persoas egresadas do centro.
- Liña 7. Responder á responsabilidade do centro en materia de formación de público non especializado.

OBXECTIVOS DE CALIDADE

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro	Procesos SGIC Procedementos SGIC asociados	Indicador	Código indicador	Descrición do indicador	Meta 2025/2026
Formación Organización e recursos	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna	Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e ás súas titulacións. Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.	Mellorar a planificación e desenvolvemento das titulacións	DO- Docencia DO-0201. Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	I44-1	Mide o grao de satisfacción dos principais grupos de interese implicados no proceso de ensino-aprendizaxe respecto da planificación e desenvolvemento do ensino	Grao EE: > 3,0 Grao ERME: > 3,0 Máster EM: > 3,5 Máster XSA: > 3,0
					Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	I44-2	Definición: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, dos ítems relacionados coa planificación e desenvolvemento do ensino da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para o estudantado, o profesorado e as persoas tituladas.	Grao EE: > 4,0 Grao ERME: > 4,0 Máster EM: > 4,0 Máster XSA: > 4,0
					Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	I44-3		Grao EE: > 3,0 Grao ERME: > 3,0 Máster EM: > 3,0 Máster XSA: > 3,0
					Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento das Prácticas Externas	I38	Definición: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, dos ítems da enquisa de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares.	Grao EE: > 3,0 Grao ERME: > 3,0 Máster EM: > 3,5 Máster XSA: > 3,0
					Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da materia TFG/TFM	I50-12 ¹	Mide o grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da materia TFG/TFM. A valoración vai de 1 a 5 puntos.	Grao EE: > 3,5 Grao ERME: > 3,5 Máster EM: > 3,5 Máster XSA: > 3,0
Formación	Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado		Mellorar os resultados académicos das titulacións		Taxa de rendemento	I10-4	Achega información anual sobre a proporción de créditos ordinarios superados polo estudantado con respecto aos créditos ordinarios matriculados. Definición: para un curso académico X, relación porcentual entre o número de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U e o número total de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U.	Grao EE: > 65% Grao ERME: > 60% Máster EM: > 80% Máster XSA: > 80%

¹ Indicador do programa estratéxico do centro

					Taxa de abandono	I10-2	<u>Definición:</u> relación porcentual entre o estudantado dunha cohorte de entrada C matriculados non título T na Universidade U nun curso académico X, que non se matriculou non devandito título T nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantado da cohorte de entrada C que accedeu ao mencionado título T o curso académico X.	Grao EE: < 20% Grao ERME: < 30% Máster EM: < 10% Máster XSA: < 10%
					Taxa de graduación	I10-1	Achega información anual sobre a proporción de estudantes que consegue finalizar unha titulación no tempo previsto máis 1 ano con respecto ás/aos estudantes matriculados inicialmente. <u>Definición:</u> % de estudantado que finaliza a ensinanza no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación coa súa cohorte de entrada	Grao EE: > 65% Grao ERME: > 25% Máster EM: > 80% Máster XSA: > 80%
					Tempo medio para encontrar emprego	I12	Tempo medio que tarda o estudantado graduado dunha titulación T en atopar un emprego relacionado coa súa formación. Indicador recollido no Informe de Inserción Laboral do SUG	< 6 meses
Persoas	Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado	Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS	PE-Xestión de persoal	% PDI que participa en DOCENTIA	I7-2	<u>Definición:</u> % do PDI avaliado entre o N° total de PDI que imparte docencia na titulación	Mellorar respecto ao curso anterior
					% de PDI que participa en programas de mobilidade	I8-2	<u>Definición:</u> % de PDI que participa en programas de mobilidade con relación ao PDI total.	Mellorar respecto ao curso anterior
Persoas	Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado	Alcanzar o recoñecemento da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos, con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese	MC-Xestión da Calidade e mellora continua MC05 Satisfacción das persoas usuarias	Grao de satisfacción do alumnado	I20-1	Mide o grao de satisfacción dos principais grupos de interese implicados no proceso de ensino-aprendizaxe respecto ao desenvolvemento das titulacións. <u>Definición:</u> resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, de todos os ítems da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para o estudantado, o profesorado e as persoas tituladas.	Grao EE: > 3,5 Grao ERME: > 3,5 Máster EM: > 4,0 Máster XSA: > 3,5
					Grao de satisfacción do profesorado	I20-2		Grao EE: > 4,0 Grao ERME: > 4,0 Máster EM: > 4,0 Máster XSA: > 4,0
					Grao de satisfacción das persoas tituladas	I20-3		Grao EE: > 3,5 Grao ERME: > 3,5 Máster EM: > 3,5 Máster XSA: > 3,5

					Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (EAD)	143	Mide o grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado. Definición: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, dos ítems da enquisa de avaliación docente (EAD).	Grao EE: > 4,0 Grao ERME: > 4,0 Máster EM: > 4,0 Máster XSA: > 4,0
			Dispor de información representativa sobre a valoración da satisfacción de grupos de interese		Participación do estudantado nas Enquisas de Avaliación Docente (EAD)		Dato de participación do estudantado na enquisa de avaliación docente (EAD), recollido na evidencia E17 para cada titulación.	Grao EE: > 45% Grao ERME: > 45% Máster EM: > 80% Máster XSA: > 80%
Relación coa Sociedade	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna	Responder ás necesidades do sector enerxético / materiais / minas / auga e alcanzar o recoñecemento da formación das persoas egresadas do centro	Ser centro de referencia para as empresas do sector industrial galego, tanto desde o punto de vista da empregabilidade de enxeñeiros/as especialistas en enerxía / materiais / minas / auga como necesidades de I+D+i dos sectores		Grao de satisfacción das entidades empregadoras	120-5	Mide o grao de satisfacción das entidades empregadoras respecto ao desenvolvemento das titulacións. Definición: resultado da valoración, para unha titulación T e un centro C; se atopa na folla "Titulación" do informe da enquisa, na columna "Resultado".	Para todas as titulacións acadar un mínimo de 3,5 puntos
	Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas	Responder á responsabilidade do centro en materia de formación de público non especializado	Ser centro de referencia da provincia de Pontevedra en relación á divulgación científica en materia de enerxía / minería / materiais / auga		Número de actividades de divulgación científica realizadas no curso académico	150-13 ²	Reconto das actividades de divulgación científica realizadas polo centro ao longo do curso académico.	Aumentar respecto ao curso anterior
	Obxectivo 3. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna	Manter unha oferta formativa axustada á demanda, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións do centro, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión	Captar un volume de estudantado axustado para cubrir as necesidades de demanda profesional Adaptar o perfil de ingreso do estudantado ao perfil requirido. Aumentar a porcentaxe de mulleres nas titulacións do centro	AC- Xestión académica PC04 Selección, admisión e matriculación de estudantes DO- Docencia DO-0202 Promoción das titulacións	Estudantado matriculado de novo ingreso en cada curso académico	11-12	Definición: Rexistra a evolución do número do estudantado matriculado de novo ingreso en cada curso académico nunha titulación T.	Grao EE: 50 Grao ERME: 20 Máster EM: 16 Máster XSA: 7
	Obxectivo 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria				Adecuación da titulación	111-3	Rexistra a matrícula de novo ingreso en 1ª opción de preinscrición respecto da matrícula de novo ingreso. Definición: % de estudantado que se matricula por primeira vez nun grao E na súa primeira opción de preinscrición sobre o nº total de estudantado que se matricula por primeira vez no grao E.	Grao EE: ≥ 80% Grao ERME: ≥ 80%
					Nota media de acceso do estudantado ás titulacións	135 ³	Nota media de acceso do estudantado que solicita o acceso (en primeira preferencia) a unha titulación T	Grao EE: > 8 Grao ERME: > 7 Máster EM: > 7 Máster XSA: > 7

² Indicador do programa estratéxico do centro de nova definición; pode ser obtido directamente polo centro

³ Como hai colectivos de acceso con diferentes referencias de puntuación máxima, emprégase como nota de referencia a media do acceso prioritario

					Porcentaxe de mulleres en matrícula de novo ingreso	I50-11 ⁴	Porcentaxe de mulleres matriculadas en cada curso académico (matrícula de novo ingreso) nunha titulación T	Aumentar respecto ao curso anterior
Investigación e transferencia	Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas		Potenciar, fomentar e visibilizar a investigación realizada polo PDI vinculado á escola Aumentar as actividades de divulgación científica e formativas que teñan como tema principal a actividade investigadora		Número de noticias na web do centro sobre a actividade I+D+i do profesorado do centro	I50-14 ⁵	Reconto das noticias publicadas na web do centro sobre a actividade I+D+i do profesorado do centro	Aumentar respecto ao curso anterior

⁴ Indicador do programa estratéxico do centro

⁵ Indicador do programa estratéxico do centro de nova definición; pode ser obtido directamente polo centro